



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**C.P.I. Plurilingüe de Navia de Suarna**

Rúa Pallarón s/n  
27650 Navia de Suarna, Lugo  
Telf.: 982 87 06 01 Fax: 982 87 06 03  
cpi.naviadesuarna@edu.xunta.es

# PLAN DE ORIENTACIÓN

INCLÚE:

- PLAN ACCIÓN TITORIAL
- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL

## CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

### Curso 2020-21

CONCRECCIÓN ANUAL LIÑAS DE ACCIÓN PRIORITARIAS.....	3
ÁMBITO DE ACTUACIÓN.....	3
MARCO TEÓRICO.....	4
¿Que entendemos por orientación?.....	4
Modelos de intervención na orientación.....	5
XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.....	6
Descrición xeográfica da comarca.....	6
Descrición socio-económica comarcal.....	7
Características da oferta sociocultural da comarca.....	8
Oferta educativa da comarca.....	8
CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.....	9
Características do CPI Plurilingüe de Navia de Suarna.....	9
Alumnado do centro.....	9
Alumnado con necesidades educativas específicas.....	9
Equipo docente.....	13
Departamento de Orientación.....	13
Dotación.....	13
Horarios dos membros do Departamento de Orientación.....	14
OBJECTIVOS DO PLAN DE ORIENTACIÓN DO CENTRO.....	14
Obxectivos xerais.....	14
Obxectivos referidos aos alumnos/as.....	15
Obxectivos referidos ao profesorado.....	16
Obxectivos referidos ás familia e á comunidade.....	16
PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT).....	17
Obxectivos xerais do Departamento de Orientación a respecto do PAT.....	17
Obxectivos e finalidades da acción titorial.....	18
Obxectivos referidos aos alumnos/as.....	18
Obxectivos referidos aos profesores/as.....	18
Obxectivos referidos ás familias.....	18
Bloques de actividades do PAT.....	19
BLOQUE 1: DESENVOLVEMENTO INDIVIDUAL E DINAMIZACIÓN GRUPAL.....	20
BLOQUE 2: APOIO AOS PROCESOS DE APRENDIZAXE DOS ALUMNOS.....	22
BLOQUE 3: ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL.....	23
BLOQUE 4: COORDINACIÓN DO EQUIPO DOCENTE.....	25
BLOQUE 5: COORDINACIÓN COAS FAMILIAS.....	26
PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PAD).....	27
8.1 Obxectivos referidos ao centro e ao equipo docente.....	27
8.2 Obxectivos referidos aos alumnos/as.....	28
8.3 Obxectivos referidos ás familias.....	28
8.4 Bloques temáticos do plan de atención á diversidade.....	29
8.5 Plan de actividades: responsables e temporalización.....	29
Bloque 1: Identificación das necesidades educativas dos alumnos e do centro.....	30
Bloque 2: Deseño de medidas de atención ás necesidades educativas detectadas.....	31
Bloque 3: Organización e desenvolvemento das medidas adoptadas e a súa avaliación.....	33
Bloque 4: Avaliación do funcionamento e revisión do PAD.....	34
8.6 Recursos materiais, humanos e organizativos.....	35
8.7 Avaliación e proposta de mellora.....	36
PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL.....	37
9.1 Obxectivos referidos aos alumnos/as.....	37
9.2 Obxectivos referidos ao equipo docente.....	37
9.2 Obxectivos referidos ao equipo docente.....	37
9.3 Obxectivos referidos ás familias.....	37
9.4 Bloques de contidos.....	38
BLOQUE 1: Autocoñecemento e toma de decisións.....	39
BLOQUE 2: A oferta formativa.....	40
BLOQUE 3 :A inserción profesional no mundo laboral.....	41
9.5 Actividades e a súa temporalización e secuenciación por ciclos.....	42
9.6 Estratexias metodolóxicas do POAP.....	43
9.7 Recursos materiais, humanos e organizativos do POAP.....	43
9.8 Avaliación e propostas de mellora do POAP.....	44
10. AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN DO CENTRO (POC).....	44
MARCO LEXISLATIVO.....	45

## **1. CONCRECIÓN ANUAL E LIÑAS DE ACCIÓN PRIORITARIAS CURSO 2020-21**

---

A situación sanitaria que vivimos desde marzo do curso pasado trastocou de forma determinante os procesos educativos, sociais e emocionais de todo alumnado. O actual curso e a nova normalidade presenta moitas incertidumes e novidades que é preciso desde o plan de orientación ter en conta, polo que as liñas de acción prioritarias van a ser as seguintes:

1º) No ámbito do plan de apoio de apoio ao proceso de ensino aprendizaxe e PAD

- Facer un seguimento do alumnado que durante o confinamento presentou máis dificultades de acordo cos informes elaborados en xuño.
- Colaborar co profesorado na formación e capacitación do alumnado para seguir con aproveitamento o ensino virtual en caso de eventuais confinamentos e/ou peches de aulas.
- Atender individualmente ao alumnado que se lle solicitou a exención da 2ª lingua estranxeira (Francés)
- Informar e elaborar resumos prácticos para o profesorado e familias dos protocolos de dislexia, TEA, TDAH ou de calquera outro que sexa necesario para atender ao alumnado do centro e coordinar a súa atención.
- Facer un seguimento e apoio individualizado ao alumnado de 1º de EP que presenta máis dificultades na adquisición da lectoescritura como consecuencia da suspensión das aulas o curso pasado.

2º) No ámbito do plan de orientación académica elaborar na ula virtual do centro un curso no que o alumnado da ESO poida atopar información, recursos, e actividades

3º) No ámbito da titoría prestar unha un apoio especial aos titores, familias e propio alumnado para abordar os aspectos relacionados coa xestión do propio tempo, a organización diaria do traballo, técnicas de traballo intelectual e de aprendizaxe, facendo un especial fincapé no ensino a distancia.

Desde as titorías será necesario este curso, facer un acompañamento e seguemento diario do alumnado que se atopa máis illado nas súas casas e aquel que presenta situacións sociofamiliares máis problemáticas. Este acompañamento terá que darse tanto no aspecto emocional e persoal como no académico.

## **2. ÁMBITO DE ACTUACIÓN.**

---

Os profesores/as que forman parte do Departamento de Orientación do CPI Plurilingüe de Navia de Suarna son os seguintes:

- Coordinadora de Educación Infantil: Vanesa Hermida Porto
- Xefa de estudos e titora da aula mixta 2º,3º e 5º de EP: Rosalía Pérez Gómez
- Titor da ESO: Concepción Monteagudo López
- Titor da ESO: Isabel Luna Fernández
- Profesor especialista en Pedagogía Terapéutica: María del Carmen García Díaz
- Orientador: Francisco Trashorras Lodos

## **3. MARCO TEÓRICO.**

---

A orientación está a cobrar unha importancia significativa na educación, que se ve reflectida nas propias normativas lexislativas, e tamén na vida diaria dos centros onde cada vez é menos discutida a súa necesidade. Esta importancia xurde directamente das propias características do sistema educativo e tamén das condicións do mundo laboral. Por unha banda, hai unha serie de factores que derivan do propio sistema educativo que fan necesaria a orientación, entre estes cómpre sinalar os seguintes:

- ✓ A ampliación do período de escolarización, no que hai que atender a un amplo e heteroxéneo grupo de alumnos con diferentes intereses, motivacións e aptitudes, fai necesario o deseño e implementación de medidas de atención a esa diversidade.
- ✓ Relacionado con isto, o recoñecemento do dereito dos a.c.n.e.e. a ser atendidos nos entornos máis normalizados, seguindo os principios de integración escolar propugnados no artigo 49 da Constitución, na LISMI e nas leis que a desenvolven, abundan, tamén, na necesidade da orientación no sistema educativo.

- ✓ Por último, a maior complexidade das opcións formativas que se ofertan aos alumnos, concretadas no espazo de opcionalidade, itinerarios e modalidades de Bacharelato, a estruturación da FP en familias profesionais e C.F., e tamén a crecente oferta de titulacións universitarias, moitas delas novidosas, son outro motivo da necesidade da orientación vocacional.

Ademais das necesidades orientadoras ligadas ao sistema educativo, a estrutura socio-productiva, caracterizada polos cambios tecnolóxicos rápidos que levan aparellados transformacións de profesións e unha gran inestabilidade e precariedade laboral, dificultan notablemente a toma de decisións vocacionais dos mozos. Isto esixe unha intervención orientadora sistemática desde a escola de cara a desenvolver a madurez vocacional dos xoves.

### **3.1 ¿Que entendemos por orientación?**

Segundo a Bisquerra, enténdese a orientación coma “o proceso de axuda continuo e sistemático, dirixido a todas as persoas, en todos os seus aspectos, poñendo unha énfase especial na prevención e desenvolvemento coa implicación de diferentes axentes educativos (titores, orientadores, profesores...)”.

Os principios básicos que deben guiar a acción orientadora son: o principio de prevención, o principio de desenvolvemento e o principio de intervención social.

### **3.2 Modelos de intervención na orientación.**

A orientación debe ser un proceso continuo e global que inclúa toda a poboación escolar, independentemente das súas características e necesidades individuais, que terá como finalidade última a formación integral do alumnado en todas as súas dimensións.

Isto esixirá que a orientación sexa unha tarefa compartida pola comunidade educativa, asesorados polo D.O. e o E.O.E., e implicará a superación de modelos de actuación de carácter clínico.

Na actualidade todo apunta a que o modelo de intervención por programas é o máis axeitado de cara a ofertar unha orientación que supere a intervención meramente reactiva en aras a irmos artellando intervencións cada vez máis proactivas dirixidas ao conxunto da comunidade educativa.

Nas actividades orientadoras que realice o Departamento de Orientación tentarase realizar una intervención na liña de actuacións por programas combinada coas necesarias intervencións individualizadas de asesoramento e consulta aos diferentes membros da comunidade educativa. Cando cumpra e sempre que os titores estean de acordo, o orientador participará directamente na implementación dos programas dentro da aula nas sesións de titoría.

## 4. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

---

### 4.1 Descrición xeográfica da comarca.

O CPI Plurilingüe de Navia de Suarna atópase situado na capital do concello de Navia de Suarna. Trátase dun concello situado na área montañosa da Galicia oriental, concretamente na zona setentrional da Serra dos Ancares. Ten unha superficie de 242 km<sup>2</sup> distribuíndose a súa escasa poboación de forma moi diseminada en 20 parroquias e 103 lugares, feito que provoca unha baixa densidade de poboación.

Trátase dunha comarca moi accidentada na que predomina unha paisaxe montañosa formada polas estribacións da Serra dos Ancares ao Sur e Leste e polas pequenas alineacións con dirección NO-SE pertencentes ás Serras de Pedruñais e á de Meira na parte occidentais do concello. Estas zonas montañas alternan coa zona formada polo val do río Navia, profundamente encaixado, que cruza o termo municipal de SO a NE no que existe unha ampla zona de terreos aptos para o cultivo.

Demograficamente, o concello de Navia, ao igual que moitos outros concellos da Galicia interior, ven perdendo de forma moi significativa poboación, froito de factores como a dureza das condicións orográficas e climáticas da zona e tamén por factores extrínsecos coma o proxecto de creación do encoro do Gran Suarna que limitou as posibilidades tanto económicas como demográficas de todo o concello. Na actualidade o seu censo segundo o INE (revisión do padrón municipal de 2007) é de 1.552 habitantes, poboación en gran medida envellecida cunha media de idade de 57,9 anos. Outros datos ofrecidos polo INE conforme á revisión do padrón municipal de 2007 son os seguintes.

	Homes	Mulleres	Total
De 0 a 15 anos	41	33	74
De 16 a 64 anos	433	331	764
De 65 e máis anos	355	359	714
Poboación estranxeira	0	2	2
IDADE MEDIA	56,7	59,2	57,9
TOTAL	829	723	1.552

## 4.2 Descrición socio-económica comarcal

Coa excepción ao pequeno comercio da vila de Navia, a base económica do concello baséase sobre o sector primario, fundamentalmente na agricultura e a gandería. A pesar da extensión do concello a superficie cultivada só supón aproximadamente o 11,4%. A superficie adicada a prados e pastos constitúe preto do 10%, mentres que a superficie forestal esténdese case polo 76% da superficie, o que indica a importancia do sector forestal como fonte de ingresos das familias labregas. Outro alicerce da economía navega é o gandeiro destacando o vacún, ovino e porcino. Concretamente o número de explotacións de gando bovino en 2007 era de 138. Alén disto, ten certa relevancia tamén o sector da construción e o sector servizos.

Ofrecemos a continuación unhas táboas referidas a actividade económica do concello de Navia segundo datos do Instituto Galego de Estatística recollidos da súa páxina web.

### • Ocupación por sectores no 2001

	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	178	114	292
Pesca	0	0	0
Industria	14	5	19
Construción	66	1	67
Servizos	117	102	219

### • Índices de Actividade

	Homes	Mulleres	Total
Taxa de actividade	44	30,5	37,8
Taxa de paro	9,4	9,8	9,5

### • Número de empresas por actividade

Industria	Construción	Servizos	Total
6	18	54	78

### • Renda dispoñible bruta (€ por habitante) Datos do IGE referidos ao 2002: 8.537 €



#### **4.1 Características da oferta sociocultural da comarca.**

A oferta cultural e de lecer existente no concello é claramente deficitaria, aínda que existe biblioteca municipal a súa programación de actos culturais é esporádica. Algúns rapaces e rapazas asisten a clases de danza e música organizados e sostidos polas familias dos mesmos.

Destaca a celebración da festa da androlla e a ruta de 4x4 do mesmo nome, e a festa da malla. Alén disto celébranse dúas feiras mensuais o segundo domingo e o día 29 de cada mes.

En canto as instalacións e oferta deportiva, a capital do concello conta ademais das deficientes instalacións deportivas do instituto (trátase dun ximnasio que tamén fai as veces de salón de actos que resulta inapropiado polas columnas) un pavillón cuberto municipal a uns 800 metros de distancia do centro, ao que en ocasións acode o alumnado na clase de Educación Física.

Por outra banda, o concello dispón de asistente social a tempo completo durante todos os días da semana. Pero como aspecto negativo sinalar que non dispón de técnico de orientación laboral nin de centros asociados do Servizo Galego de Colocación. Tamén e escasa a oferta de cursos de formación ocupacional, escolas obradoiro, etc

Polo que respecta ás novas tecnoloxías o seu nivel de implantación é moi deficitario, sobre todo no referido á conexión a internet. En todo o concello non hai conexións de banda ancha, e en moitos sitios nin sequera é posible a conexión ao dispoñer dun sistema de telefonía anticuado que dificulta as conexións.

#### **4.2 Oferta educativa da comarca**

A oferta educativa do concello límitase a do propio centro. Na comarca existen dous institutos localizados na Fonsagrada que está situada a uns 35 quilómetros de distancia e o outro en Becerreá, zona educativa á que pertence o centro, e que se atopa a unha distancia aproximada de 28 quilómetros. Porén, a maioría do alumnado que continua estudos non o fai en ningún destes dous centros, senón que se despraza a Lugo capital para cursar o bacharelato ou a F.P.

## 5. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

---

### 5.1 Características do CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

O CPI Plurilingüe de Navia de Suarna foi creado como Colexio Público de EXB no ano 1977, sendo transformado posteriormente co obxecto de impartir a ESO en Centro Público Integrado. Froito disto foi realizada unha pequena ampliación para albergar algunhas aulas de Educación Secundaria.

Oficialmente temos catalogadas dúas unidades de Primaria e ningunha de infantil. De xeito interno a estrutura organizativa dos grupos do centro é a seguinte:

- 4º e 5º de Educación Infantil ( 5 alumnos )
- 6º de Educación Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria ( 3 alumnos )
- 4º e 5º de Educación Primaria ( 7 alumnos )

Nota: estes agrupamentos fanse de xeito interno no centro, grazas á boa vontade do profesorado.

- ESO: 4 unidades

#### 5.1.1 Alumnado do centro.

A maior parte do alumnado procede do mesmo concello de Navia de Suarna, o resto procede doutros limítrofes: coma o de San Antolín de Ibias en Asturias e o de Candín en León. A maioría do alumnado vive en aldeas de menos de 50 habitantes, e só unha pequena porcentaxe vive na vila. Isto fai que a meirande parte dos alumnos utilicen os servizos de transporte escolar e o de comedor.

	Número alumnado
Educación Infantil	5
1º EP	3
2º EP	1
3º EP	1
5º EP	1
1º da ESO	4
2º da ESO	6
3º da ESO	3
4º da ESO	3

### **5.1.2 Alumnado con necesidades educativas específicas , apoio educativo, ...**

Neste apartado facemos referencia a aqueles alumnos que, por diferentes razóns, presentan máis dificultades co resto dos seus compañeiros para acadar os obxectivos previstos. As fontes de información empregadas para determinar cales son estes alumnos van ser os informes individualizados de avaliación feitos polos titores, os datos que constan nos ficheiros do departamento de orientación e os procedentes das sesións de avaliación inicial realizadas e doutras reunións cos titores.. Dada a natureza das necesidades educativas, este apartado está suxeito a variacións no tempo, o cal debe ser tido en conta dende unha perspectiva flexible da programación educativa.

O alumnado con necesidades educativas e que necesiten apoio educativo establécese nas reunións de departamento, reunións de equipo docente, xuntas de avaliación e organizarase o traballo con el de xeito individualizado segundo vaian xurdindo e evolucionando.

#### **5.1.1 Equipo docente**

O claustro está integrado este curso por 15, aínda que hai que ter en conta que hai 2 profesores comparten centro noutras localidades, polo que só veñen uns días a semana.

#### **5.1.2 Departamento de Orientación.**

O Departamento de Orientación do CPI de Navia de Suarna iniciou a súa andaina o curso 2000/2001. O actual responsable da xefatura (con destino definitivo no centro) está neste centro desde o curso 2005-2006.

##### **5.1.2.1 Dotación.**

- 1) Conta cun local de uso exclusivo e o mobiliario axeitado.
- 2) Dotación de recursos psicopedagóxicos: tests, material para o tratamento de dificultades de aprendizaxe, material para uso dos titores, programas específicos...
- 3) Dotación de material de información para uso nas actividades de orientación vocacional dos alumnos.
- 4) Recursos tecnolóxicos: ordenador con conexión a internet e diversos programas educativos.

### **5.1.1.1 Horarios dos membros do Departamento de Orientación.**

Ver DOC

## **6. OBXECTIVOS DO PLAN DE ORIENTACIÓN DO CENTRO.**

---

Da análise do contexto e do centro, e tendo en conta as funcións encomendadas na normativa vixente ao Departamento de Orientación, especialmente no referido na Circular 10/2010 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar actuación e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación para o curso 2010-2011, o programa de orientación do centro priorizará actuacións referidas coa inclusión e atención á diversidade, a convivencia e a educación en valores, a acción titorial, os procesos de avaliación e calidade, a formación permanente, o fomento da cultura emprendedora e a inserción profesional.

### **6.1 Obxectivos xerais.**

- 1º) Dinamizar as medidas que incidan na mellora da convivencia e a promoción de condutas tolerantes no centro.
- 2º) Asesorar e proporcionar información e recursos sobre a oferta de formación reglada e non reglada, a formación permanente, a inserción laboral, técnicas e recursos de emprego, a cultura emprendedora e o autoemprego (moi en particular centradas nas posibilidades do rural)
- 3º) Colaborar cos equipos de ciclo e cos profesores titor na avaliación inicial do alumnado, especialmente no caso de que comece escolarización e/ou se incorpore ao centro, e realizar asemade as avaliación psicopedagóxicas necesarias derivadas do acordado na avaliación inicial.
- 4º) O fomento e colaboración no deseño, seguimento, avaliación e implementación da acción titorial.
- 5º) Colaborar e asesorar no deseño, seguimento, revisión e/ou modificación das medidas de apoio e adaptación que está a recibir o alumnado con dificultades de aprendizaxe e/ou necesidades específicas.

- 6º) Asesorar ao conxunto da comunidade educativa en especial ao equipo directivo e o claustro sobre as posibles medidas de atención á diversidade que se poden desenvolver no centro, reforzo educativo, adaptacións curriculares e todas aquelas contempladas na circular 8/2009.
- 7º) Recompilar recursos e materiais de apoio e orientación: páxinas web, materiais impresos, bibliografía, cadernos de traballo de atención á diversidade, etc e poñelos á disposición de todo o profesorado do centro.
- 8º) Dinamizar as canles de comunicación entre a familia e a escola, e da implicación activa das familias na vida escolar.

### **6.1 Obxectivos referidos aos alumnos/as.**

- 1º) Identificar e valorar as necesidades educativas dos alumnos e participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ao respecto.
- 2º) Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade de carácter organizativo e curricular.
- 3º) Colaborar na detección, prevención e intervención nas dificultades educativas dos alumnos/as que inicien a escolarización en E.I. e ou E.P. no centro adscrito, de acordo ao disposto na Orde do 27 de decembro de 2002.
- 4º) Ofrecer ao alumnado a orientación, apoio e asesoramento necesarios para que adquiren as habilidades e estratexias necesarias para enfrontarse con éxito aos momentos escolares máis críticos e decisivos: ingreso no centro, elección de optativas e itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos interpersoais.
- 5º) Informar ao alumnado (e familias) con dificultades de aprendizaxe en risco de non acadar a titulación da ESO, sobre os Programas de Diversificación Curricular e Programas de Cualificación Profesional existentes nos centros do noso entorno (A Fonsagrada e Becerreá)
- 6º) Proporcionar asesoramento e fornecer materiais e recursos para a preparación das probas de acceso a ciclos formativos de grao medio a aqueles alumnos que cumpren os requisitos de idade e están en risco de non acadar a titulación na ESO.

### **6.1 Obxectivos referidos ao profesorado.**

- 1º) Colaborar nos procesos de elaboración, seguimento e avaliación dos distintos proxectos educativos do centro.

- 2º) Asesorar ao profesorado no desenvolvemento de programas de atención á diversidade, programas de apoio aos procesos de ensino/aprendizaxe, das Adaptación curricular. e reforzo educativo.
- 3º) Colaborar co asesoramento e orientación sobre dos itinerarios formativos ou de inserción laboral dos alumnos.
- 4º) Colaborar na análise de necesidades do profesorado titor e do profesorado en xeral a respecto da acción titorial e da atención á diversidade e asemade ofrecer asesoramento información e apoio en ambos os dous eixos.

### **6.1 Obxectivos referidos ás familia e á comunidade.**

- 1º) Promover a cooperación entre o centro escolar e as familias, para isto realizaranse reunións (polo menos unha ao inicio do curso) por titorías ás que asistirá un membro do equipo directivo, o titor e o orientador.
- 2º) Orientar as familias no tratamento de aspectos básicos para a atención e mellora de aqueles alumnos/as que presenten dificultades ou necesidades educativas especiais.
- 3º) Cooperar cos membros da comunidade educativa e doutras institucións: inspección, E.O.E., outros centros e orientadores, servizos sociais, axentes de orientación laboral...

## **7. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT).**

---

Tal e como se recolle na lexislación, a acción titorial é entendida como parte inherente da función docente de todos os profesores. Isto significa que debe ser unha responsabilidade compartida por todo o equipo educativo, xa que en definitiva a finalidade última da acción titorial é conseguir o desenvolvemento integral e harmónico do alumnado, respondendo aos distintos intereses e necesidades que os alumnos presentan.

Aínda que a función titorial deba ser asumida e compartida por todo o equipo docente, ten que existir unha figura na cal se especialicen as responsabilidades titoriais, de aí a necesidade da figura do profesor titor. O titor, a través do PAT, constituirase no eixo de articulación das relacións educativas no centro escolar tendo en conta que a responsabilidade de planificar estas accións corresponde a todo o centro escolar, a través dos órganos de coordinación docente. As funcións do titor recollidas nos regulamentos orgánicos e ordes que as desenvolven abranguen ata 22 funcións distintas que podemos agrupar nas seguintes categorías:

- ✓ Funcións relacionadas co seguimento e apoio dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Funcións de dinamización e integración grupal.
- ✓ Función de coordinación do equipo de profesores que imparte clase ao grupo.
- ✓ Funcións de mediación e coordinación entre a familia e o equipo docente.
- ✓ Funcións burocráticas a respecto do grupo: control das faltas de asistencia, cubrir os expedientes, boletíns...
- ✓ Funcións de orientación persoal e vocacional cos alumnos.

### **7.1. Obxectivos xerais do Departamento de Orientación a respecto do PAT.**

- 1º) Espertar o interese e conseguir unha maior implicación na función titorial de todo o equipo de profesores.
- 2º) Contribuír ao desenvolvemento da acción titorial, colaborando na elaboración do PAT Xeral do centro, e na concreción da acción titorial para cada curso, ciclo e etapa e na coordinación entre estas.
- 3º) Proporcionar técnicas e materiais de apoio sobre estratexias de aprendizaxe, TTIS, técnicas de integración grupal, de desenvolvemento da motivación polo estudo, orientación académica...
- 4º) Informar, asesorar e apoiar tecnicamente o desenvolvemento de programas específicos, participando directamente nas actividades, de ser o caso, (estratexias de aprendizaxe, dinámica grupal, ... ).

5º) Facilitar pautas para realizar as actividades de coordinación entre o equipo de profesores dos grupos, entre os titores e nas relacións coas familias.

### **7.1. Obxectivos e finalidades da acción tutorial.**

#### **7.1.1. Obxectivos referidos aos alumnos/as.**

1º) Fomentar o desenvolvemento psicosocial dos alumnos e a adaptación e dinamización grupal:

- Desenvolver unha actitude democrática, tolerante e participativa nas súas relacións interpersoais no grupo clase e no centro.
- Facilitar que os alumnos desenvolvan un autoconhecimento e valoración axeitada das súas características persoais.

1º) Contribuír á personalización e optimización dos procesos de ensino-aprendizaxe:

- Fomentar a aprendizaxe autónoma dos alumnos a través da adquisición de hábitos de estudo, estratexias de aprendizaxe, TTIs, comprensión lectora, composición escrita...

1º) Impulsar o desenvolvemento vocacional dos alumnos.

- Estimular o autoconhecimento da súa situación persoal e social e o coñecemento das posibilidades educativas e laborais.
- Desenvolver as habilidades e capacidades para a procura de información vocacional e a toma de decisións axustadas ás súas intereses e aptitudes.
- Informar, asesorar e orientar aos alumnos na súa toma de decisións vocacionais.

#### **7.1.1. Obxectivos referidos aos profesores/as.**

1º) Colaboarar na coordinación a acción educativa do Equipo Docente.

- Colaborar na coordinar o axuste das programacións e procesos de ensino-aprendizaxe ao grupo de alumnos, especialmente no referido aos a.c.n.e.e. ou obxecto de medidas de atención á diversidade.
- Asesorar e participar no proceso de avaliación inicial e continua dos alumnos aportando informacións.

#### **7.1.1. Obxectivos referidos ás familias.**

1º) Contribuír ao establecemento de relacións fluídas entre as familias e o centro.



- Conseguir unha valoración positiva da titoría e das relacións de comunicación entre as familias e os centros, a través da figura do titor e das reunións periódicas por cursos.

1º) Implicar e orientar aos pais e nais nas tarefas educativas e de orientación dos seus fillos.

- Proporcionar orientacións concretas acerca dos hábitos e condicións de estudo dos seus fillos.

### **7.1. Bloques de actividades do PAT**

O PAT abranguerá os seguintes bloques temáticos ou ámbitos de actividades que se referirán decontado. Posteriormente, en función das necesidades e características de cada grupo, deberán ser concretadas para cada grupo, priorizando uns ámbitos e actividades ou outros.

- ✓ Bloque 1: Desenvolvemento individual e dinamización grupal.
- ✓ Bloque 2: Apoio aos procesos de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Bloque 3: Orientación Académica e Profesional.
- ✓ Bloque 4: Coordinación co equipo docente.
- ✓ Bloque 5: Coordinación coas familias.

## **BLOQUE 1: DESENVOLVEMENTO INDIVIDUAL E DINAMIZACIÓN GRUPAL.**

### **- Actividades:**

- Normas de convivencia. Dereitos e deberes dos alumnos. Elección de delegado
- Autocoñecemento, autoconceito, e coñecemento mutuo.
- Habilidades sociais, comunicación, expresión intragrupo.
- Relacións de axuda e cooperación.
- Resolución pacífica de conflitos.
- Discriminación, prexuízos, coeducación.
- Educación para a saúde: prevención de drogodependencias (tabaquismo), educación sexual.

### **- Técnicas e Recursos:**

- Programa para o desenvolvemento da personalidade e a educación en dereitos humanos. Maite Garaigordobil, Editorial Pirámide. Daráselle unha copia deste programa adaptado e traducido ao galego aos titores. Neste programa descríbense detalladamente a forma de realizar 60 actividades de dinámica grupal agrupadas en 8 módulos diferentes. Elixiranse as máis apropiadas.
- Copia do Regulamento de Réxime Interno, e dos Dereitos e Deberes dos Alumnos.
- Probas psicopedagóxicas: cuestionarios realizados no marco da avaliación inicial.
- Programa para o Desenvolvemento Persoal e Social de Bobbit publicado pola Xunta de Galicia.
- Recursos audiovisuais, fundamentalmente películas que aborden aspectos relacionados cos temas transversais e a partir dos cales se poida realizar unha reflexión e debate dentro da aula. Empregarase fundamentalmente en 4º da ESO.

### **• Temporalización:**

- Os titores ao inicio do curso deberán empregar varias sesións de titoría a traballar actividades do 1º Bloque de actividades.
- No caso de 1º da E.S.O. ao incorporarse a unha nova etapa na que mesmo se integra novo alumnado, estas actividades estenderanse durante a maior parte do 1º trimestre.

- En 2º, 3º e 4º da ESO ao igual que en cursos pasados trataremos de realizar algún obradoiro de educación para a convivencia e obradoiros de sexualidade en colaboración coa Deputación de Lugo e/ou co centro quérote dentro do plan proxecta
- No grupo de 3º da ESO organizaremos algunha charla informativa relacionada coas drogodependencias.
- Temos previsto, a falta de concretar as datas, charlas a cargo da Garda Civil sobre drogas, sobre seguridade en internet e sobre maltrato.

## **BLOQUE 2: APOIO AOS PROCESOS DE APRENDIZAXE DOS ALUMNOS.**

### - **Actividades:**

- Avaliación inicial dos alumnos.
- Técnicas de traballo intelectual e planificación do estudo e estratexias de aprendizaxe
- Comprensión lectora e composición escrita.
- A avaliación dos progresos e dificultades na aprendizaxe antes e despois das sesións trimestrais de avaliación.

### - **Técnicas e Recursos:**

Para a avaliación inicial aplicaranse diferentes probas psicopedagóxicas, escollidas pola súa relevancia, a súa facilidade para a aplicación colectiva, e pola rapidez na súa corrección. Ademais aplicarase un cuestionario para recoller datos persoais e condicións e hábitos de estudo. A información obtida a través das probas será tratada coa debida confidencialidade.

- Nas actividades de Técnicas de Traballo Intelectual (TTI), comprensión lectora e composición escrita, utilizaranse actividades recollidas de algúns dos seguintes libros ou similares:
  - Leer para comprender y aprender. Programa de comprensión de textos (I, II).Estudita Martín. Editorial CEPE.
  - Asi...I, II,. Manuel García Pérez e outros.Editorial CEPE.
  - Manual de TTI.Carlos Gómez e outros. Editorial EOS.

### - **Temporalización e priorización por cursos:**

- Algunhas actividades deste bloque deberían abordarse con diferente nivel de profundidade en todos os cursos da E.S.O.
- De cara á prevención de dificultades de aprendizaxe futuras traballarase este ámbito máis intensivamente no 1º ciclo da ESO.

## BLOQUE 3: ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL.

### - **Actividades:**

- Autocoñecemento.
- Coñecemento da oferta educativa máis inmediata.
- Coñecemento do sistema produtivo.
- Estratexias para a toma de decisións.
- A transición e inserción académico-profesional.

### - **Recursos:**

- Programa de Orientación Académica, elaborado polo especialista en orientación do EOE de Lugo, e publicado polo Concello de Lugo.
- ¡Tengo que decidirme! Víctor Álvarez Rojo. Editorial Alfar.
- Recursos para traballar las áreas temáticas de los programas de Orientación Profesional. Manual de Orientación y Tutoría. Manuel Álvarez González. Editorial Praxis.
- Programa de Orientación Profesional Autoaplicado. Manual de Orientación y Tutoría. Enric Corominas, Manuel Álvarez, Rafael Bisquerra. Editorial Praxis.
- Orientación académica y profesional. Manual de Orientación y Tutoría. Concepción Valero Hellín. Editorial Praxis.
- Programas informáticos: ORIPRO, Xunta de Galicia
- Módulo de Formación e Orientación Laboral dos P.G.S. da Xunta de Galicia.
- Guías informativas e materiais audiovisuais sobre o sistema educativo, planes de estudo, notas de corte, as PPAUU, bolsas, currículums, cartas de presentación, instancias...
- Páxinas Web varias. Elaborarase unha webquest sobre a orientación académica dirixida ao alumnado de 3º e 4º da ESO co propósito de que sexan eles os que busquen a información académica e profesional navegando na rede a partir dunhas ligazóns que se lle proporcionan na webquest.

- **Temporalización e priorización por cursos:**

- As actividades de orientación académica-profesional realizaranse de forma progresiva no 2º ciclo da E.S.O., e con especial incidencia en 4º da E.S.O. Non obstante, xa desde o 1º ciclo, e mesmo 6º de E.P será conveniente ir incorporando actividades que favorezan o autocoñecemento das propias capacidades e intereses, así como o coñecemento da oferta formativa, sobre todo no referido ás optativas e a súa implicación futura.

## BLOQUE 4: COORDINACIÓN DO EQUIPO DOCENTE.

### - **Actividades:**

- Reunións de coordinación semanais dos titores e titoras co Departamento de Orientación.
- Sesión de avaliación inicial
- Sesións trimestrais de avaliación ordinaria.
- Outras formas de intercambio de información de carácter máis informal.

### - **Recursos:**

- Folla para a recollida de información dos diferentes profesores sobre o progreso dos alumnos previa á reunión cos pais.
- Reunións cos titores e o Departamento de Orientación cando for necesarias.
- Reunións periódicas do equipo educativo e o titor, polo menos sesión de avaliación inicial, e nas sesións de avaliación trimestral.
- Elevada á CCP desde o Departamento de Orientación o interese de que o orientador asistira ás coordinacións de ciclo, e sendo aceptada a proposta, durante este curso o orientador integrase ás Coordinacións de Ciclo co gallo de analizar as dificultades e coordinar liñas de acción educativa comúns en E.P.

## **BLOQUE 5: COORDINACIÓN COAS FAMILIAS.**

### - **Actividades:**

- Reunión grupais cos pais/nais dos alumnos a que asistirán o titor, un membro do equipo directivo e o orientador. Polo menos celebrarase unha ao inicio do curso. Tratarase de realizar outra logo de cada avaliación.

### - **Recursos:**

- Modelos de entrevistas coas familias.
- Cuestionarios para acadar datos persoais, evolutivos, educativos, sociais...
- Guías acerca da estrutura do sistema educativo.
- Guías acerca dos criterios e procedementos de avaliación e promoción na ESO



## **8. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PAD).**

---

A estrutura do actual sistema educativo dotado dun claro carácter comprensivo no ensino básico, implica a existencia dun tronco de contidos comúns dirixido ao desenvolvemento do alumno en todas as súas dimensións, de acordo as súas posibilidades e intereses. A diversidade de capacidades, intereses e motivacións dos alumnos, concrétese nun continuo de necesidades educativas, que son ordinarias cando poden ser satisfeitas sen afectar a aspectos prescriptivos do currículo (a través de cambios na metodoloxía, materiais, organización da aula, actividades, ritmo de ensino, reforzo educativo, etc) ; e son especiais ou específicas, cando o alumno precisa dunha axuda que trascenda dos procedementos ordinarios que o profesor/a pode empregar, co gallo de que acade os obxectivos educativos previstos. Neste caso será necesario establecer medidas curriculares ou organizativas máis específicas para responder ás dificultades e necesidades dos alumnos.

Os principios xerais dos que imos partir para á atención á diversidade no centro son os seguintes:

- ✓ O concepto de diversidade fai referencia a todo o alumnado do centro, e non só aos a.c.n.e. Todos os alumnos/as presentan diferenzas nas súas características persoais, sociais e familiares e polo tanto poden presentar ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe necesidades diversas de carácter puntual ou permanente.
- ✓ Aceptar a idea de que todo o alumnado pode acceder ao currículo mediante diferentes formas, e tamén con ritmos e resultados diferentes.
- ✓ Asumir a idea de que non existen especialistas, e que todo o profesorado ten responsabilidades á hora de dar resposta ás diferenzas individuais do alumnado, e que a resposta á diversidade pasa por unha actitude positiva cara ás n.e.e.

### **8.1 Obxectivos referidos ao centro e ao equipo docente.**

1º) Participar, a través dos órganos de coordinación docente, na elaboración, avaliación e mellora das medidas de atención á diversidade incluídas na estrutura organizativa xeral do centro a través dos seus planes institucionais, incidindo especialmente nas seguintes áreas:

- Coordinación entre os titores, os de área e D.O.
- Oferta de optativas máis adecuadas as necesidades dos alumnos e do entorno.

- Criterios e procedementos coherentes e consensuados así como a distribución de responsabilidades dos diferentes profesores para a incorporación dos alumnos ás medidas organizativas e curriculares de atención a diversidade: apoios por parte do P.T, reforzo educativo e adaptacións curriculares.
  - Organización de recursos materiais e persoais para a.c.n.e.e.
- 1º) Asesorar e colaborar cos titores na súa labor de coordinación de todo o equipo docente do grupo clase, en especial no referido ás seguintes áreas:
- Colaborar cos titores e facilitarlles recursos para a avaliación individual e grupal dos alumnos da aula, participando activamente nesta avaliación inicial.
  - Cooperar no deseño das respostas educativas para o tratamento das dificultades e problemas de aprendizaxe concretos observados nos alumnos.
- 1º) Colaborar cos profesores de área na concreción das medidas educativas que permitan responder ás necesidades dos alumnos.
- Asesorar e colaborar co profesorado de área e co P.T. no deseño e organización do reforzo educativo e adaptacións curriculares.

### **8.2 Obxectivos referidos aos alumnos/as.**

- 1º) Diseñar accións encamiñadas á detección e prevención temperá de dificultades de aprendizaxe e/ou problemas de desenvolvemento de acordo ao establecido na Orde do 27 de decembro de 2002, realizando as avaliacións psicopedagóxicas e programas de intervención cando fora necesario.
- 2º) Participar, se é preciso, nas actividades de reforzo ou noutros programas de intervención concretos cos alumnos que o necesiten.

### **8.3 Obxectivos referidos ás familias.**

- 1º) Cooperar cos titores no establecemento de canles de comunicación coas familias.
- 2º) Artellar un xeito eficaz de intercambio de información coa familia, actuando cando sexa necesario de ponte entre o equipo docente e as familias.
- 3º) Apoiar e ofrecer asesoramento individualizado aos pais dos alumnos/as con n.e.e. de cara a coordinar accións e esforzos comúns en aras do seu desenvolvemento persoal e progreso académico.

## 8.4 Bloques temáticos do plan de atención á diversidade

Na Comunidade de Galicia adoitase clasificar as medidas de atención á diversidade en curriculares e organizativas. Esta clasificación está realizada desde unha perspectiva didáctica e expositiva, posto que en esencia os dous tipos de medidas implican aspectos curriculares e organizativos. Non obstante, e en aras desa claridade expositiva imos utilizar esta clasificación. Sinalamos a continuación as medidas de atención á diversidade que están contempladas na nosa CCAA; resaltamos en negra e cursiva as que están contempladas no noso centro:

- As medidas curriculares de atención á diversidade: adecuación do **PEC** e **PCC**; as **programacións de aula**; a **acción tutorial**; a **orientación académico-profesional**; **optatividade**; **ACS** e **reforzo**.
- As medidas organizativas de atención á diversidade: **flexibilización do período de escolarización para a.c.n.e.e.**;

## 8.5 Plan de actividades: responsables e temporalización.

O plan de actividades do PAD abranguerá os seguintes conxunto de actividades:

- ✓ Bloque 1: Detección das necesidades educativas dos alumnos e do centro.
- ✓ Bloque 2: Deseño de medidas de atención ás necesidades detectadas.
- ✓ Bloque 3: Organización das medidas adoptadas e avaliación das mesmas.
- ✓ Bloque 4: Avaliación do funcionamento e revisión de ser o caso, do PAD do centro.

**Bloque 1: Identificación das necesidades educativas dos alumnos e do centro.**

Actividade	Avaliación inicial dos alumnos.
Quen?	- P.T, profesores de área, titores e orientador.
Como?	- Revisión dos informes individualizados, libros de escolaridades, e expedientes académicos, informes psicopedagóxicos,... - Aplicación nas sesións de tutoría de probas psicopedagóxicas: aptitudes, comprensión lectora, hábitos de estudo e estratexias de aprendizaxe, cuestionarios de datos persoais, motivación, autoestima, intereses,... - Aplicación de probas elaboradas polos departamentos didácticos para determinar o nivel de competencia curricular dos alumnos/as.
Cando?	- Setembro e outubro

Actividade	Corrección e análise dos datos obtidos.
Quen?	- Orientador coa colaboración, no referido á competencia curricular, dos profesores de área.
Como?	- Análise e corrección das probas aplicadas.
Cando?	- Setembro e outubro

Actividade	Posta en común da información nas reunións cos titores
Quen?	- Titores P.T e orientador.
Como?	- Intercambio da información na sesión de avaliación e concreción das posibles medidas a adoptar.
Cando?	- A mediados de outubro.

**Bloque 2: Deseño de medidas de atención ás necesidades educativas detectadas.**

Actividade	Deseño e planificación xeral das medidas de reforzo educativo.
Quen?	- P.T., titor, profesores de área, orientador, xefatura de estudos.
Como?	<ul style="list-style-type: none"><li>- En función das necesidades concretas, e dos recursos do centro, artellaranse as medidas a adoptar con cada alumno.</li><li>- Deseño das actividades de reforzo educativo en función das dificultades dos alumnos e da programación de aula.</li><li>- Reparto das responsabilidades de cada quen e organización do traballo da P.T.</li><li>- Busca de recursos materiais, deseño dos obxectivos, contidos e actividades dos programas de atención específicos.</li></ul>
Cando?	<ul style="list-style-type: none"><li>- En outubro, despois da avaliación inicial, deseñárase o plan xeral, e irá concretándose ao longo de todo o curso coa periodicidade que se establece no citado plan.</li><li>- Despois de cada avaliación trimestral, e durante todo o curso de ir producíndose as dificultades dos alumnos.</li></ul>

Actividade	Realización das avaliacións e informes psicopedagóxicos.
Quen?	- Orientador, coa participación da P.T., titor e profesores de área.
Como?	<ul style="list-style-type: none"><li>- Conforme ao disposto na Orde do 31 de outubro de 1996.</li><li>- En función de cada caso utilizaranse tests psicopedagóxicos, probas do potencial de aprendizaxe, rexistros de competencia curricular, entrevistas cos profesores, titores, pais, análise das producións escolares, revisión do expediente académico,...</li></ul>
Cando?	<ul style="list-style-type: none"><li>- Na avaliación inicial proporase a necesidade de realizar unha avaliación psicopedagóxica máis específica a aqueles alumnos que pola súas características ou dificultades o precisen.</li><li>- Ao longo de todo o curso, unha vez solicitada polos profesores/titores a través dunha folla de derivación.</li></ul>

Actividade	Elaboración / revisión das ACS
Quen?	- P.T., titor, profesores de área, orientador, e xefatura de estudos.
Como?	- Conforme ás necesidades detectadas na avaliación inicial, e logo da avaliación psicopedagóxica, propoñeranse os alumnos susceptibles de elaboración/revisión da AC de acordo aos criterios establecidos no PAD. - Convocarase unha reunión co equipo docente, á que asistirá o xefe de estudos e o orientador, na que se determinará a pertinencia da elaboración da AC, as áreas a adaptar, o procedemento e responsabilidades.
Cando?	- 1º trimestre do curso, en todo caso as AC deberán estar rematadas tan axiña como sexa posible, co obxectivo de proceder ao seu desenvolvemento, de seren aprobadas pola inspección.

Actividade	Reunións coas familias dos alumnos obxecto de medidas de atención á diversidade.
Quen?	- P.T. , titor, orientador.
Como?	- A través dunha entrevista na que se lles explicará en que consistirán as medidas, os responsables da mesmas, e no que se solicitará a súa conformidade por escrito. - Tamén se recollerá a información considerada pertinente de cara ao proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos.
Cando?	- Inmediatamente despois da toma de decisión de aplicar as medidas. - Periodicamente manteranse entrevistas para intercambiar información sobre o progreso dos alumnos e coordinar esforzos.

**Bloque 3: Organización e desenvolvemento das medidas adoptadas e a súa avaliación.**

Actividade	Aplicación de programas concretos de intervención.
Quen?	- En función do acordado en cada caso: P.T., orientador, titor.
Como?	- En función das necesidades e dificultades concretas.
Cando?	- Os programas e talleres levaranse no marco do PAT, nos períodos que se concreten por cada titor en función das necesidades dos grupos.

Actividade	Avaliación das medidas implementadas.
Quen?	- Titores, equipo docente, P.T., orientador e xefatura de estudos.
Como?	- De acordo aos procedementos previstos nos plans concretos e a través das reunións semanais cos titores.
Cando?	- Nas reunións semanais cos titores. - Nas sesións de avaliación trimestrais.

Actividade	Asesorar aos titores e profesores no desenvolvemento das medidas adoptadas e nos seus procesos instrutivos.
Quen?	- Orientador, P.T., E.O.E.
Como?	- Reunións cos titores e profesores por ciclos, entrevistas colaborativas informais e demandas concretas dos profesores. - Ofrecer recursos e materiais, guías aos titores, orientacións..
Cando?	- Ao longo de todo o curso e especialmente nas reunións cos titores.

Actividade	Análise das dificultades e necesidades detectadas e posibilidades de intervención nas mesmas.
Quen?	- D.O., C.C.P., equipo directivo, claustro e consello escolar.

Actividade	Análise das dificultades e necesidades detectadas e posibilidades de intervención nas mesmas.
Como?	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise dos resultados da avaliación inicial e trimestrais e do funcionamento dos grupos.</li> <li>- Identificación dos principais problemas de aprendizaxe, motivacionais e condutual que estean a repercutir negativamente nos procesos de ensino.</li> <li>- Identificación das posibles medidas organizativas e curriculares a adoptar: adaptación do P.C.C. e das programacións, xestión e dinámica da aula, optativas, oferta de agrupamentos específicos</li> </ul>
Cando?	- Nas reunións da CCP, nas reunións cos titores e nas reunións dos diferentes departamentos didácticos e de orientación.

#### **Bloque 4: Avaliación do funcionamento e revisión do PAD.**

Actividade	Avaliación e propostas de mellora do PAD.
Quen?	- C.C.P., D.O, equipo directivo, claustro e consello escolar.
Como?	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Revisión e análise do resultado e dificultades no desenvolvemento do Plan de Atención á Diversidade.</li> <li>- Concreción das propostas de mellora aportadas por cada departamento.</li> </ul>
Cando?	<ul style="list-style-type: none"> <li>- De forma continua nas reunións da C.C.P.</li> <li>- De forma máis específica nas reunións do último trimestre.</li> <li>- As propostas de mellora incorporaranse no seguinte curso dentro do marco de modificación do P.C.C.</li> </ul>



## 8.6 Recursos materiais, humanos e organizativos.

Os recursos fan mención a todo aquel conxunto de medios tanto materiais, humanos e organizativos necesarios para o deseño, desenvolvemento e implementación do programa.

- **Recursos Materiais**: O departamento de orientación tal e como se sinalou na contextualización do presente plan dispón dun local de uso exclusivo, medios informáticos, e abundantes recursos bibliográficos de carácter psicopedagóxico que están a disposición de todo o equipo docente. Ademais cunha parte do presuposto anual asignado ao Departamento de Orientación adquirírase o material psicopedagóxico suxerido polos profesores/as que o soliciten de estar xustificada a súa utilidade para a intervención na atención á diversidade.
- **Recursos Humanos**: A atención á diversidade no centro tal e como recollemos na introdución do PAD é ten que ser unha labor compartida polo conxunto dos profesores nos seus ámbitos de traballo diario, en función das actuacións concretas tal e como se recolle no plan de actividades. Non embargo, será a xefatura de estudos, os titores e o Departamento de Orientación e a C.C.P., os responsables máis directos da súa planificación, coordinación, seguimento e avaliación. Alén dos recursos do centro, cando fora necesario consultarase e solicitarase a cooperación doutros axentes externos como o E.O.E., inspección, servizos médicos, servizos sociais do concello, centros de formación do profesorado, etc Tampouco podemos esquecer a importancia de implicar ás familias no seu labor educativo, polo que será prioritario manter vías de coordinación estreitas con elas, sobre todo no caso que nos ocupa de alumnos con dificultades e necesidades educativas específicas.
- **Recursos organizativos**: Os recursos organizativos fan referencia á previsión no centro de espazos e tempos que faciliten o intercambio de información, a planificación e coordinación das medidas adoptadas.

### **8.7 Avaliación e proposta de mellora.**

A avaliación do Plan de Atención á Diversidade realizarase de forma continua durante todo o curso, a través das diferentes reunións dos órganos de coordinación docente. Os criterios que se terán en conta son a adecuación das medidas para responder ás necesidades dos alumnos. Para este fin, analizarase coidadosamente o funcionamento das medidas organizativas e curriculares desenvolvidas no centro. As propostas de mellora elaboraranse ao remate do curso co obxectivo de organizar as medidas de atención á diversidade organizativas e curriculares para o vindeiro curso. Ao inicio do seguinte curso, e logo da avaliación inicial, organizaranse outros aspectos da atención á diversidade máis concretos como o funcionamento do apoio por parte do P.T.

## **9. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL.**

---

Tal e como sinalamos ao inicio do presente plan a complexidade do sistema educativo e produtivo pode producir dificultades nos alumnos á hora de definir o seu plan vocacional. En efecto, a incertidume e inestabilidade social e o gran número de alternativas formativas e laborais, implican maiores posibilidades de elección, mais tamén maiores dúbidas e inseguridades, o que en moitos casos pode levar á desidia ou mesmo a decisións erróneas. Por este motivo, cada vez hai máis acordo na necesidade de ofrecer aos alumnos actividades de orientación sistemáticas co obxectivo de facilitar o autocoñecemento, o coñecemento da oferta formativa e laboral, estratexias de Toma de Decisións, e en definitiva, o desenvolvemento da súa madurez vocacional.

### **9.1 Obxectivos referidos aos alumnos/as.**

- 1º) Estimular a toma de conciencia e valoración das propias aptitudes, intereses, motivacións e factores de personalidade e a súa relación con estudos e profesións.
- 2º) Espertar actitudes e valores dirixidos á procura de información acerca do sistema educativo e laboral.
- 3º) Coñecer a estrutura do sistema educativo, itinerarios formativos, condicións de acceso, titulacións que se acadan.
- 4º) Coñecer a oferta da formación profesional ocupacional, as condicións de acceso, e as certificacións que se obteñen, así como a súa vinculación coa F.P.E.

### **9.2 Obxectivos referidos ao equipo docente.**

- 1º) Facilitarlles materiais, recursos, así como estratexias concretas de actuación referidas ao ámbito académico profesional (programas de toma de decisións, programas de orientación ou autoorientación profesional, programas informáticos...).
- 2º) Colaborar co titor e o equipo docente na formulación dos consellos orientadores dos alumnos que rematen a E.S.O. aportando informacións sobre os alumnos, coordinando as diferentes informacións e opinións da xunta de avaliación.
- 3º) Facilitar e promover a actuación doutros axentes orientadores externos (E.O.E., universidades, Servizo Galego de Colocación...)

### **9.3 Obxectivos referidos ás familias.**

- 1º) Implicar ás familias no proceso orientador dos seus fillos, concienciando da importancia do mesmo.

2º) Informar e asesorar aos pais sobre os itinerarios educativos e as opcións profesionais a través das reunións trimestrais e de xornadas de orientación abertas.

#### **9.4 Bloques de contidos.**

Os contidos do programa organízanse arredor de 4 núcleos temáticos que se traballarán con diferente nivel de profundidade segundo os cursos:

- ✓ Bloque 1: Autocoñecemento e toma de decisións.
- ✓ Bloque 2:A oferta formativa.
- ✓ Bloque 3: A inserción laboral no mundo produtivo.

## **BLOQUE 1: Autoconocemento e toma de decisións.**

Traballárase, a distinto nivel, en todos os cursos fundamentalmente incorporadas a través das actividades de titoría e de programas de orientación concretos.

### **Contidos conceptuais:**

- Determinantes da elección vocacional: condicionantes persoais, socioeconómicos, familiares e de xénero.
- As variables persoais: aptitudes, personalidade, intereses, valores, rendemento...
- O proceso de toma de decisións: estratexias e variables persoais que inciden na T.D.

### **Contidos procedimentais:**

- Realización de cuestionarios de intereses e preferencias profesionais, e de probas de aptitudes formais e informais e identificación dos propios intereses e aptitudes.
- Resolver situacións de toma de decisións ordinarias e vocacionais reais e simuladas.

### **Contidos actitudinais:**

- Amosar unha actitude de implicación activa e reflexiva nos procesos de toma de decisións e para clarificar os propios valores, intereses e aptitudes.

## BLOQUE 2: A oferta formativa.

Traballarase en todos os cursos priorizando os aspectos formativos relacionados coas decisións máis inmediatas que teñan que tomar os alumnos/as. De xeito máis específico e profundo abordarase en 4º da E.S.O.

### **Contidos conceptuais:**

- A E.S.O.: estrutura, obxectivos, áreas, avaliación e promoción. A optatividade e a súa vinculación con estudos posteriores.
- Saídas formativas para os alumnos/as que non acadan o título da E.S.O.: Programas de Cualificación Profesional, probas libres para acceso a ciclos formativos e para a obtención do título da ESO. A ensinanza de adultos.
- A F.P.E.: finalidade, estrutura e condicións de acceso e titulación que se acada. As familias profesionais, a oferta C.F de grao medio e superior, os módulos profesionais.
- O Bacharelato: finalidade e estrutura curricular: materias obrigatorias, propias de modalidade e optativas e a súa vinculación coas vías das PPAAU e cos estudos universitarios. O novo bacharelato.
- As PPAAU: estrutura da proba e materias de exame. A avaliación e cualificación da proba. Acceso por dúas vías. A vinculación coas diferentes carreiras universitarias.
- Os estudos universitarios: tipos de titulacións, os plans de estudos renovados Titulacións que se acadan. Condicións de acceso, matrícula e preinscripción... Oferta de estudos no SUG.
- A reforma dos estudos universitarios do estado español para adaptarse ao marco europeo. Ensinanzas de Grao, Master, e Postgrao.
- A formación profesional ocupacional. Plan FIP, escolas obradoiro.
- Saídas profesionais. Os novos filóns de emprego. O autoemprego.
- Recursos e fontes de información. Internet, xornais, COIES, SUG e CIUG.

### **Contidos procedimentais:**

- Busca e recollida de información sobre as diferentes opcións formativas da comarca.
- Elaboración de itinerarios formativos para acadar diferentes estudos e profesións e resolución de casos simulados.

### **Contidos actitudinais:**

- Interese, curiosidade e implicación na procura de información e por coñecer as características, condicións de acceso, plans de estudo das diferentes ofertas formativas.

### **BLOQUE 3 :A inserción profesional no mundo laboral.**

Debido a que a maioría dos alumnos de 3º e 4º da E.S.O., pretende continuar estudos, este bloque de contidos será abordado de forma menos prioritaria, agás para aqueles alumnos que teñan previsto abandonar o sistema educativo.

#### **Contidos Conceptuais:**

- Técnicas para a busca de emprego: as ofertas na prensa ou en internet, o Servizo Galego de Colocación, ETT, confederacións de empresarios, sindicatos...
- O proceso de selección de persoal nas empresas privadas: probas psicotécnicas, a entrevista, o currículo, carta de presentación.
- O proceso de selección nas empresas públicas: as oposicións do persoal laboral.
- O acceso aos corpos de seguridade, garda civil e militares: condicións de acceso, tipo de probas.

#### **Contidos procedimentais:**

- Procura e recollida de información a partir das diferentes canles para buscar traballo: contactos persoais, o SGC, as ETTS, medios de comunicación, portais web relacionados coas ofertas de traballo, oferta pública de emprego...
- Redacción e cumprimentación de solicitudes de traballo, cartas de presentación, currículum vitae e instancias.
- Análise de convocatorias de oposicións á función pública.
- Observación e escenificación de diferentes situacións de entrevista de traballo e realización de probas psicotécnicas.

#### **Contidos actitudinais:**

- Desenvolver actitudes favorables cara a busca activa de emprego.
- Predisposición a utilizar sistematicamente os diferentes medios para a busca de emprego.

## 9.5 Actividades e a súa temporalización e secuenciación por ciclos.

### 1º TRIMESTRE

- Análise da realidade educativa e sociocultural do centro e da súa comarca: oferta educativa, índices sociolaborais...
- Elaboración do Plan de Orientación do Centro a partir da análise das necesidades do centro, as directrices da CCP, e aportacións dos titores.
- Actividades de acollida aos alumnos e reunións coas súas familias.
- Aplicación de probas psicopedagóxicas (aptitudes, autoconceito, intereses, comprensión lectora,...) dentro das actividades de avaliación inicial nas sesións de titoría que axuden aos alumno a adquirir un mellor coñecemento deles mesmos.
- Elaboración e entrega aos titores dun cartafol orientador para cada curso que quedará para consulta na aula, no que se achegará información sobre o acceso a universidade, notas de corte, carreiras do SUG, a estrutura curricular do estudos universitarios, a F.P. (libro da Xunta), becas, residencias universitarias, oposicións, acceso á policía e a garda civil, e un listado de enderezos web onde buscar información.

### 2º TRIMESTRE

- Aplicación de cuestionarios, dentro das sesións de titoría relativas á avaliación, nos que reflexionen sobre o seu rendemento escolar nas distintas áreas e as súas aptitudes.
- Información individualizada a aqueles alumnos da E.S.O.(e as súas familias) que estean en risco de non acadar o título da posibilidade de acceder aos C.F. de Grao Medio a través dunha proba, explicación das probas, e proporcionarlles materiais para a súa preparación e modelos de exames de convocatorias pasadas.
- Desenvolvemento dun programa de orientación no marco do PAT dirixido aos alumnos de 3º e 4º da ESO fundamentalmente, centrado en actividades de autocoñecemento (rendemento académico, aptitudes, intereses e preferencias), actividades de coñecemento dos posibles itinerarios formativos na E.S.O., centrándose fundamentalmente nos itinerarios formativos unha vez rematada a E.S.O.: estrutura da F.P., familias profesionais e C.F. de grao medio e superior dentro de cada familia; modalidades e estrutura do bacharelato, vías de acceso á universidade, as PPAU, notas de corte, estrutura do estudos universitarios... Ademais traballaranse actividades para desenvolver estratexias de toma de decisións e solución de problemas, a partir do estudo de casos, e o deseño de itinerarios formativos ficticios.



### **3º TRIMESTRE:**

- Sesións informativas para os alumnos de 6º de E.P. e outra para as súas familias sobre a estrutura curricular da E.S.O., horarios, plan de actividades extraescolares,... Esta reunión informativa, tamén se realizara no outro CEIP da localidade coordinado co seu orientador nas reunións trimestrais do D.O.
- Entrevista individual con todos os alumnos da ESO de cara a clarificar as súas expectativas vocacionais futuras.
- Realización de actividades de webquest relacionadas coa orientación na que sexan os propios alumnos os que teñan que primeiro buscar información na rede e logo elaborar grupalmente esa información.

#### **9.6 Estratexias metodolóxicas do POAP.**

As estratexias para levar a cabo a orientación académica-profesional serán variadas, procurando enmarcalas o máximo posible dentro da actividade ordinaria do centro a través das actividades de tutoría, e tamén da infusión curricular. As actividades orientadoras deben trascender da mera información, é dicir, non deben entenderse como situacións pasivas de mera recepción de información por parte dos alumnos e alumnas. Isto implica que as actividades deben estimular e desenvolver a implicación e busca activa de información por parte dos alumnos. Entre as estratexias para realizar as actividades orientadoras, salientamos ademais da tutoría, das xornadas de orientación e do asesoramento individualizado as seguintes:

- Documentación escrita e programas de orientación autoaplicados.
- Medios audiovisuais e informáticos.
- Infusión curricular de contidos orientadores a través das áreas

#### **9.7 Recursos materiais, humanos e organizativos do POAP.**

No departamento de orientación existe unha ampla variedade de materiais e informacións de carácter académico que se poñerán a disposición de toda a comunidade educativa, e en particular dos titores para o desenvolvemento das súas accións orientadoras, que xa mencionamos dentro dos recursos para desenvolver o PAT.

Toda a comunidade educativa debe implicarse na labor orientadora, pero de xeito especial o presente plan será levado a cabo polos titores e o departamento de orientación baixo a supervisión da xefatura de estudos. Cando cumpra, colaborarán axentes externos como o especialista en orientación profesional do EOE, profesores da universidade e doutros centros...

## **9.8 Avaliación e propostas de mellora do POAP.**

A avaliación do POAP levarase a cabo de continua durante todo o proceso de desenvolvemento ao longo do curso e tamén ao remate do curso na memoria do D.O.

Para a valoración continua no que se refire á adecuación das accións que se leven a cabo utilizaranse os seguintes criterios: a valoración realizada polos alumnos de cada actividade e a valoración dos titores e do propio orientador. Ademais nas reunións semanais do D.O. e mensuais de titoría por ciclos farase un seguimento do plan, corrixiendo os posibles desaxustes e modicando o que sexa preciso.

Unha vez rematado o curso e ao remate de cada acción, procederase a realizar unha avaliación de carácter final, a partir da cal se decidirá o mantemento, modificación ou eliminación das propostas e actividades do plan.

## **10. AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN DO CENTRO (POC).**

---

Ademais das referidas nos planes parciais realizarase unha avaliación global do Plan de Orientación Educativo do Centro, co fin de establecer as medidas correctoras precisas.

Despois das avaliacións do mes de xuño, á vista das achegas do centro adscrito e do propio centro o Departamento de Orientación realizará unha Memoria nas que se recollerán os seguintes aspectos:

- Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento dos planes e programas de intervención concretos.
- As dificultades atopadas no desenvolvemento dos citados planes.
- A valoración do grao de consecución dos obxectivos.
- As necesidades e obxectivos para o vindeiro curso.

Os criterios para avaliación do Plan de Orientación do Centro son os seguintes:

- 1º) O axuste ás necesidades do propio centro e adscrito.
- 2º) O grao de consecución dos obxectivos previstos, atendendo tanto á eficacia como á eficiencia: recursos empregados, tempo adicado ás actividades, participación.
- 3º) A utilidade das accións programadas, o nivel de aplicabilidade do programa, a necesidade ou non de recursos adicionais.
- 4º) A implicación da comunidade educativa no deseño e desenvolvemento do plan.

Para esta avaliación utilizaranse dúas fontes de información:

Externa: os órganos de goberno e participación e coordinación e os propios alumnos.

Interna: será realizada nas reunións do departamento de orientación e titorías.

## 11. MARCO LEGISLATIVO.

---

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, LOE.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. LOMCE.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG23/06/2009).
- ORDE do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículum nas ensinanzas de réxime xeral.
- DECRETO 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- DECRETO 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- ORDE do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- ORDE do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
- DECRETO 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- LEI 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- ORDE do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitaria
- ORDE do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais
- ORDE do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro
- REAL DECRETO 943/2003, de 18 de julio, por el que se regulan las condiciones para flexibilizar la duración de los diversos niveles y etapas del sistema educativo para los alumnos superdotados intelectualmente

- RESOLUCIÓN do 22 de decembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial.
- CIRCULAR 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia
- CIRCULAR 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obligatoria.
- CIRCULAR 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia
- DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar